

CONCELLO DE NIGRAN	
REXISTRO XERAL	
ENTRADA	
Núm.	1992
Data	7-3-08
Ficha	



D. _____, con D.N.I. nº _____, con domicilio na Rúa _____, como representante legal da Asociación de Defensa Medioambiental Salvemos Monteferro, e en nome dela, mediante o presente escrito

EXPÓN

Desde o día de onte, 6 de marzo de 2008, estanse a producir cortas de arborado en Monteferro.

Moitas destas cortas estanse levando a cabo a mata rasa, vulnerando o estipulado nas Normas Subsidiarias deste Concello de Nigrán que na súa Ordenanza 17 prohibe explicitamente para Monteferro *“La tala de arbolado que no se produzca por entresaca.”* (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Número: 271, do 23 de Novembro de 1.991, páxina 40).

As Normas Subsidiarias son a regulamentación máis concreta a aplicar, tal e como o seu nome indica. Na posible contradicción coa lei de Montes prevalecerán sempre as Normas Subsidiarias, por non ser ningunha das dúas normativas de rango superior e ser estas máis específicas para o lugar en cuestión.

Queremos resaltar aquí que cando se dictaron estas Normas, como tamén agora, a masa forestal de Monteferro estaba composta fundamentalmente por pinos, eucaliptos e acacias, polo que non cabe, como alguén ten dito, facer distincións entre especies á hora de esixir o seu estricto cumprimento.

Por todo o exposto

SOLICITA

Que esa Concellería tome as medidas necesarias para impedir, por todos os medios ao seu alcance, a vulneración da normativa vixente, e que se apliquen no seu caso as sancións pertinentes.

Asdo.

Nigrán, 7 de marzo de 2008

Concellería de Medio Ambiente, Concello de Nigrán